



De conformidade coa Orde do 30 de abril de 2018 (DOG núm. 98, do 24 de maio), pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria, a Secretaría Xeral de Universidades e a GAIN, segundo o establecido no seu artigo 9, unha vez realizada a comprobación da documentación achegada polas entidades solicitantes,

RESOLVEN:

1. Admitir as solicitudes da modalidade A que se relacionan no anexo I desta resolución.
2. Desestimar as solicitudes da modalidade A que se relacionan no anexo II polos motivos que nese mesmo anexo se expresan.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no caso de solicitudes presentadas por unha universidade do SUG, ou a presidencia da GAIN, no caso de solicitudes presentadas polas demais entidades, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2018

O secretario xeral de Universidades

A directora da GAIN

José Alberto Díez de Castro

Patricia Argerey Vilar

